

O sueño de PEATY

Marta G. Villar

Ilustraciones de Ramiro Undabeytia



Que emoción! Volver nacer!

- Que serei nesta nova vida? Talvez unha manilla dunha neveira? Un prato de pinic ou un garfo? Un xoguetes para divertir un neno ou a carcasa dun móbil de última xeración?




Na planta había un balbordo terrible. Os novos envases que acababan de seren reciclados estaban a piques de saíren e escoitábanse pequenos risos e exclamacións de sorpresa.

“Mira! Mira! Que marabilla! E que cor tan bonita e como brillo”, dicía Peaty, unha pequena botella de lixivia co seu tapón azul celeste.

Realmente víase fantástica! A cor amarela quedaba moi coqueta coa azul do tapón. E a elegante asa que tiña no lateral quedaba moi ben.

Peaty era un envase de plástico de alta densidade que pode ter infinitas vidas.



-Que ilusión volver servir para algo!

Encheranme e poranme nun andel. Talvez nunha pequena tenda ou se cadra nun gran supermercado dunha área comercial. E alí a agardar que unha familia me recolla e me leve para a súa casa.

Peaty sorría feliz imaxinando a súa nova vida...



Pero, de súpeto, o seu aspecto foi mudando nunha tristeza angustiada.

- E se esa familia non me recicla?

E se remato tirada nun bosque ou nunha fraga, descompoñéndome baixo das árbores entre a herba e a terra?

Sería horrible!!

- Peor aínda.. e se acabo no mar desintegrándome en diminutas partículas que farán enfermar aos peixes e aos polbos...?

Sentiu que tremía.



Unha vez escoitou un PET, que son esas botellas transparente que se enchen de refresco, que había uns lugares horribles que se chamaban vertedoiros. E que se por desgraza rematabas alí, o máis probable é que a túa vida como plástico terminase, contaminando o aire mentres eras pasto das chamas.

- Vamos, que te queiman e xa nunca máis podes ser reciclada.

Todos estes pensamentos desacougaban a Peaty, a pequena botella de lixivia nada hai un momentíño. Pero non podía desanimarse. Víase tan bonita e resplandecente que decidiu ser positiva e non pensar en nada negativo.



- Seguro que teño sorte e hai cativada na casa.
Respirov aliviada.

“Os nenos e as nenas si que saben reciclar”, pensaba Peaty.

- Tómano en serio, porque saben que é importante para o planeta. E teñen que coidalo porque van vivir moitos anos nel.

Todos os nenos do mundo saben que no contedor azul bótase o papel. Que hai un contedor para orgánico onde van os restos de cociña e as cousas que se converten en compost. Saben que a roupa se reutiliza, os medicamentos recóllense nas farmacias e que hai sitios especiais para as pilas e as lámpadas porque son moi-moi contaminantes.

Sentiu-se máis tranquila sabendo que a xente moza sabía todo isto e decidiu confiar neles.

- Si. Seguro que atopo con algún neno ou con algunha nena.

Peaty sorriu.



Mirou polo seu redor e viu preciosas botellas coma ela, por centos. Ecorregaban en fila por unha fita transportadora camiño da envasadora. E logo ao camión que as levaría á fabrica para enchelas.

A aventura comezara!

Seguro que Peaty terá sorte e será de novo reciclada. Quizais sexa unha botella outra vez. Quizais un xoguetete.

Ou quen sabe, talvez logre facer o seu soño realidade e un día....

SER UN CONTEADOR AMARELO.

fn





**XUNTA
DE GALICIA**

FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL VILASANTAR



VILASANTAR
un refugio natural



**CONCELLO DE
CURTIS**



**CONCELLO DE
SOBRADO**

Este material forma parte do Proxecto Ambiental Vilasantar, Sobrado e Curtis 2021